

*Orde do 28 de decembro de 2004 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.*

No Decreto 195/2003, do 20 de marzo, establécese a estrutura orgánica da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. No seu artigo 8 establécese que lle corresponde á Dirección Xeral do Voluntariado, a xestión e coordinación das actuacións da consellería en materia de voluntariado, así como a elaboración e o seguimento do Plan Galego de Fomento e Promoción da Acción Voluntaria e a Xestión do Sistema de Rexistro Autonómico das entidades de acción voluntaria. Tamén será a súa función o desenvolvemento das actuacións de promoción, investigación, asistencia e formación en materia de voluntariado.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado considera, polo tanto, de máximo interese colaborar na promoción de actividades no ámbito do voluntariado, actuacións que necesariamente deberán influír no desenvolvemento comunitario.

Esta convocatoria tramítase de acordo coa Orde do 11 de febreiro de 1998 modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde de 25 de outubro de 2001 como tramitación anticipada do gasto e axústase ao disposto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na súa redacción dada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que o desenvolve e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión das axudas e subvencións, e no establecido no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 aprobado na reunión do Consello da Xunta de Galicia do día 14 de outubro de 2004. Por todo isto

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerán as subvencións dirixidas aos concellos e mancomunidades de municipios de Galicia destinadas a proxectos desenvolvidos dentro dos ámbitos de actuación e liñas estratéxicas definidos no Plan Galego do Voluntariado 2002-2005 e nas áreas de actuación da Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia, durante o ano 2005.

##### Artigo 2º.-Destinatarios.

Serán destinatarios das subvencións convocadas na presente disposición, os concellos e mancomunidades de municipios de Galicia inscritos no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia

e incluídos no Plan Galego de Voluntariado 2002-2005, á data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3º.-Importe destinado e aplicación orzamentaria.

As axudas ás que se refire esta subvención faranse efectivas no seu día, con cargo á aplicación orzamentaria 2005.14.05.212F.460.0 (proxecto 2003 00512) por un importe de 396.162 € (trescentos noventa e seis mil cento sesenta e dous euros) segundo o establecido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, aprobado na reunión do Consello da Xunta de Galicia do día 14 de outubro de 2004.

Artigo 4º.-Conceptos subvencionables.

1. Subvenciónanse exclusivamente actividades relacionadas co voluntariado e que se desenvolvan durante o ano 2005.

2. Os conceptos xustificables son gastos derivados do desenvolvemento das actividades do voluntariado establecidos na epígrafe anterior, excepto os gastos de bens inventariables e de investimentos, recollidos no proxecto presentado na solicitude.

Artigo 5º.-Solicitude e documentación requirida.

1. Os destinatarios que desexen concorrer á subvención deberán presentar a solicitude segundo o modelo normalizado no anexo I, debidamente cuberto e que se entregará segundo o disposto no artigo seguinte. A solicitude deberá asinala o representante legal do concello/mancomunidade, sendo os seus datos os que figuren no cadro 2 da dita solicitude.

2. Xunto coa solicitude achegarán a seguinte documentación:

a) Proxecto detallado das actividades que incluírá, como mínimo, as seguintes epígrafes:

-Denominación.

-Obxectivos perseguidos.

-Enumeración e descrición das actividades do proxecto, indicando por cada unha delas os seguintes aspectos: número estimado de beneficiarios, lugar e data de realización.

-Recursos humanos: nº voluntarios e de persoal contratado dedicado parcial/totalmente ao proxecto (ou que se prevé a súa implicación no proxecto).

-Orzamento: onde se indicarán os gastos en base os seguintes conceptos: material funxible, gastos de recursos humanos, gastos da realización da actividade, outros (especificar).

b) Certificación expedida polo secretario do concello/mancomunidade co visto e prace do representante legal (anexo II debidamente cuberto), que recolla: o acordo do órgano que teña asumida a competencia en virtude da cal se solicita subvención, a acreditación da persoa que desempeña o cargo do representante legal, así como o conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo

proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

c) Fotocopia compulsada do DNI do representante legal do concello/mancomunidade.

d) Fotocopia compulsada do CIF do concello/mancomunidade.

e) Certificación orixinal dunha entidade bancaria da conta do concello/mancomunidade onde se fará o ingreso da subvención.

3. Se se apreciasen defectos na documentación remitida, requirirase ao concello/mancomunidade solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, achegue os documentos necesarios, con indicación de que se así non o fixera, se considerará desistido da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución, que será ditada nos termos do artigo 42 desta.

Artigo 6º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes e documentación.

1. As solicitudes, xunto coa documentación requirida, dirixiranse á conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e presentaranse no rexistro da delegación provincial correspondente ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación é de 40 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7º.-Contía máxima da subvención.

O importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

Artigo 8º.-Criterios de valoración.

Na valoración das solicitudes, terán consideración os seguintes criterios preferenciais:

- a) A calidade técnica na formulación do proxecto.
- b) A realización de actividades de voluntariado dirixidas a tratar ás distintas necesidades que afectan hoxe en día á sociedade.
- c) A innovación do proxecto presentado.
- d) A utilización de novas tecnoloxías.
- e) A programación e execución de actividades de formación do voluntariado.
- f) A integración do concello/mancomunidade en redes, plataformas, federacións ou calquera outro tipo de entidade similar.

g) A cooperación con outras entidades de acción voluntaria de Galicia na programación e realización de actividades do proxecto presentado.

Artigo 9º.-Tramitación e resolución.

1. Recibidas as solicitudes, coa documentación presentada, a Dirección Xeral do Voluntariado convocará a comisión avaliadora, encargada de avaliar, que estará formada polas seguintes persoas:

Presidente: subdirector xeral para o Voluntariado.

Vogais:

-Os xefes do Servizo de Voluntariado das delegacións provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

-2 técnicos da Dirección Xeral do Voluntariado.

Secretario: un funcionario da Dirección Xeral do Voluntariado.

Correspondéndolle á directora xeral do Voluntariado a elaboración dunha proposta de resolución e á conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado ditar a resolución final.

2. A resolución seralles notificada a todos os solicitantes dentro do prazo máximo de nove meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o artigo 1.2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente.

A dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, sen prexuízo do disposto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 10º.-Xustificación.

1. Enténdese por xustificación a acreditación da realización do proxecto subvencionado e do cumprimento das obrigas e requisitos establecidos para a súa concesión, así como da aplicación da axuda concedida para o fin destinado.

2. Unha vez notificada a resolución pola que se estima conceder a subvención, de acordo co artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, procederase á xustificación na forma en que se indica:

-Certificación expedida polo secretario do concello/mancomunidade co visto e prace do representante legal (anexo III debidamente cuberto), na que se farán constar: o conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou

internacionais; as actividades realizadas segundo o proxecto presentado e o importe, en cifras e letra, do gasto efectuado así como o destino da axuda para a finalidade para que foi concedida.

A documentación deberá ser remitida ao Servizo de Voluntariado da delegación provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado correspondente. O prazo para xustificar comprende desde a notificación de resolución de concesión da subvención ata o día 15 de outubro de 2005, incluído.

#### Artigo 11º.-Pagamento.

1. As subvencións aboaranse despois da correcta xustificación dos gastos realizados segundo o artigo 10 desta orde e do previsto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A subvención farase efectiva ao chegar xustificantes de ter realizadas as actividades segundo o proxecto presentado polo importe total subvencionado. Poderanse facer pagamentos parciais, de acordo co artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ata un máximo do 80% da contía total concedida na medida en que se vaia xustificando na forma establecida no artigo anterior. O restante 20% cando se rematen totalmente as actividades subvencionadas.

#### Artigo 12º.-Obrigas do beneficiario.

Os concellos/mancomunidades que reciban a subvención deberán cumprir as seguintes obrigas:

1. Non modificar a programación de actividades do proxecto presentado sen autorización expresa da conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

2. Facer constar na publicidade e difusión que se xere, así como en todos aqueles soportes informativos e publicacións que se realicen, que as actividades foron subvencionadas pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

3. Estar sometidos ás actuacións de comprobación que vaia efectuar a Dirección Xeral do Voluntariado, e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas.

4. Remitir unha memoria explicativa das actividades realizadas con base no proxecto presentado, antes do 31 de xaneiro de 2006, que incluírá, como mínimo, os seguintes puntos: obxectivos acadados, descrición das actividades desenvolvidas especificando, por cada unha delas, o lugar e datas de realización, o número de beneficiarios e o persoal implicado na súa execución (voluntariado e persoal remunerado).

5. As demais obrigas recollidas no artigo 78.4º do Decreto 1/1999, do 7 de outubro, polo que se

aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

#### Artigo 13º.-Control e reintegro da subvención.

1. A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado reserva para si o dereito a comprobar os datos económicos e a efectiva realización das actividades subvencionadas, así como a estender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

2. Procederá o reintegro nos termos e supostos previstos no artigo 78.9º do Decreto 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario en redacción dada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa e nos artigos 19 e 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 14º.-Modificación da resolución de concesión da subvención.

De acordo co Decreto 287/2000, do 21 de novembro, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-No caso de que unha vez ditada a resolución de concesión de axudas amparadas nesta orde quedase crédito orzamentario sen adxudicar, poderase publicar unha segunda orde de convocatoria de axudas. En todo caso, a concesión de axudas terá como límite a cantidade consignada na correspondente aplicación económica dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2005.

Segunda.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e demais normas de aplicación.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-Facúltase a directora xeral do Voluntariado para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2004.

Pilar Rojo Noguera  
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte  
e Voluntariado

ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE FAMILIA,**  
**XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO**

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS PARA O FOMENTO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>FM508A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

ENTIDADE (CONCELLO/MANCOMUNIDADE)		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO		PÁXINA WEB	

**DATOS DO/A RERPESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE**

APELIDOS		NOME		DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CARGO NO CONCELLO/MANOMUNIDADE	

**OUTROS DATOS**

EN CASO DE ESTAR O CONCELLO/A MANCOMUNIDADE INTEGRADA NALGUNHA FEDERACIÓN, PLATAFORMA, REDE OU ENTIDADE SIMILAR EN MATERIA DE VOLUNTARIADO, INDIQUE O NOME DA MESMA (NO CASO DA MANCOMUNIDADE SERÍA UNHA ENTIDADE DISTINTA DESTA)

O PROXECTO QUE ACOMPAÑA ESTA SOLICITUDE

É PROPIO.

É EN COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN. PLATAFORMA, REDE OU ENTIDADE SIMILAR DA QUE FORMO PARTE.

OUTRA SITUACIÓN (ESPECIFICAR): \_\_\_\_\_  
 (Marcar cunha aspa no cadro correspondente)

**DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA**

PROXECTO DETALLADO DAS ACTIVIDADES, SEGUNDO ARTIGO 5.2º A.

CERTIFICACIÓN EXPEDIDA POLO/A SERCRETARIO/A DO CONCELLO/MANCOMUNIDADE CO VISTO E PRACE DO/A REPRESENTANTE LEGAL SEGUNDO O ARTIGO 5.2º B.

FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DO/A REPRESENTANTE LEGAL DO CONCELLO/MANCOMUNIDADE.

FOTOCOPIA COMPULSADA DO CIF DO CONCELLO/MANCOMUNIDADE.

CERTIFICACIÓN ORIXINAL DA CONTA BANCARIA DO CONCELLO/MANCOMUNIDADE.

(Marcar cunha aspa a documentación que se achega con esta solicitude)

ORZAMENTO TOTAL	CANTIDADE SOLICITADA
-----------------	----------------------

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 28 de decembro de 2004 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.*

SINATURA DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA
	/ /
	DATA DE EFECTOS
	/ /
REVISADO E CONFORME	DATA DE SAÍDA
	/ /

## ANEXO II

D./Dª. \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_  
 secretario/a do concello/mancomunidade \* \_\_\_\_\_ con domicilio  
 social en \_\_\_\_\_  
 e con CIF nº \_\_\_\_\_

## CERTIFICA:

- 1.- Que, en virtude a <sup>(1)</sup> \_\_\_\_\_ de data \_\_\_\_\_, acordouse solicitar á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia unha subvención para a realización do proxecto <sup>(2)</sup> \_\_\_\_\_, correspondente ao ano 2005.
- 2.- Que D./Dª. \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ é o actual <sup>(3)</sup> \_\_\_\_\_ deste concello/mancomunidade \*, desempeñando, con base a <sup>(4)</sup> \_\_\_\_\_, a súa representación legal.
- 3.- Que, en relación á Orde do \_\_\_\_\_, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos/mancomunidades para o fomento e realización de actividades de voluntariado, o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son as seguintes:

ENTIDADE CONCEDENTE	CANTIDADE SOLICITADA	CANTIDADE CONCEDIDA
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

NINGUNHA OUTRA AXUDA. (Marcar cun X en caso afirmativo)

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Vº e prace  
 Representante legal da entidade

Secretario/a da entidade

(sinatura do/a representante legal)

(selo da entidade)

(sinatura do secretario/a)

\* Rísquese o que non proceda.

(1) Deberá indicarse en base a qué acordo se solicita a subvención (por exemplo: reunión da xunta de goberno local, etc.).

(2) Denominación do proxecto.

(3) Expresar o cargo do/a representante legal do concello/mancomunidade (por exemplo: alcalde/sa, presidente/a da mancomunidade, etc.).

(4) Expresar o documento no que figura o nomeamento do/a actual representante legal (por exemplo: resolución de alcaldía, etc.).

*ANEXO III*

D./Dª. \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_  
 secretario/a do concello/mancomunidadade \* \_\_\_\_\_ con domicilio  
 social en \_\_\_\_\_ e con  
 CIF nº \_\_\_\_\_

**CERTIFICA:**

Que, en relación á Orde do \_\_\_\_\_, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado,

**PRIMEIRO:** o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son as seguintes:

<i>ENTIDADE CONCEDENTE</i>	<i>CANTIDADE SOLICITADA</i>	<i>CANTIDADE CONCEDIDA</i>
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

NINGUNHA OUTRA AXUDA. (Marcar cun X en caso afirmativo)

**SEGUNDO:** o concello/mancomunidadade \* citado desenvolveu as seguintes actividades co gasto que se refire segundo o proxecto presentado na solicitude da subvención indicada:

ACTIVIDADES: \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

IMPORTE TOTAL INDICAR O IMPORTE EN CIFRAS _____ € INDICAR O IMPORTE EN LETRAS _____ €
---

**TERCEIRO:** o importe da subvención destinouse para a finalidade para a que foi concedida.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
 Vº e prace Secretario/a da entidade  
 Representante legal da entidade

(sinatura do/a representante legal)

(selo da entidade)

(sinatura do secretario/a)

\* Rísquese o que non proceda

*Orde do 28 de decembro de 2004 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.*

No Decreto 195/2003, do 20 de marzo, establécese a estrutura orgánica da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. No seu artigo 8 establécese que lle corresponde á Dirección Xeral do Voluntariado, a xestión e coordinación das actuacións da consellería en materia de voluntariado, así como a elaboración e o seguimento do Plan Galego de Fomento e Promoción da Acción Voluntaria e a xestión do sistema de rexistro autonómico das entidades de acción voluntaria. Tamén será a súa función o desenvolvemento das actuacións de promoción, investigación, asistencia e formación en materia de voluntariado.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado considera, polo tanto, de máximo interese colaborar na promoción de actividades no ámbito do voluntariado, actuacións que necesariamente deberán influír no desenvolvemento comunitario.

Esta convocatoria tramítase de acordo coa Orde do 11 de febreiro de 1998 modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001 como tramitación anticipada do gasto e axústase ao disposto no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na súa redacción dada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que o desenvolve e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión das axudas e subvencións, e no establecido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 aprobado na reunión do Consello da Xunta de Galicia do día 14 de outubro de 2004. Por todo isto

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerán as subvencións dirixidas ás entidades de acción voluntaria de Galicia destinadas a proxectos desenvolvidos dentro dos ámbitos de actuación e liñas estratéxicas definidas no Plan Galego do Voluntariado 2002-2005 e nas áreas de actuación da Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia, durante o ano 2005.

##### Artigo 2º.-Destinatarios.

Son destinatarios das subvencións convocadas nesta orde, as entidades de acción voluntaria inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia e incorporadas ao Plan Galego de Voluntariado 2002-2005, á data de publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3º.-Importe destinado e aplicación orzamentaria.

As axudas ás que se refire esta subvención faranse efectivas no seu día, con cargo á aplicación orzamentaria 2005.14.05.212F.480.0 (proxecto 2003 00513) por un importe de 445.121 € (catrocentos corenta e cinco mil cento vinte e un euros) segundo o establecido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 aprobado na reunión do Consello da Xunta de Galicia do día 14 de outubro de 2004.

Artigo 4º.-Conceptos subvencionables.

1. Subvenciónanse exclusivamente actividades relacionadas co voluntariado e que se desenvolvan durante o ano 2005.

2. Os conceptos xustificables son gastos derivados do desenvolvemento das actividades do voluntariado establecidos no punto anterior, excepto os gastos de bens inventariables e de investimentos, recollidas no proxecto presentado na solicitude.

Artigo 5º.-Solicitude e documentación requirida.

1. Os destinatarios que desexen concorrer a esta subvención deberán presentar a solicitude segundo o modelo normalizado no anexo I, debidamente cuberto e que se entregará segundo o disposto no artigo seguinte. A solicitude deberá asinala o representante legal da entidade, sendo os seus datos os que figuren no cadro 2 da dita solicitude.

2. Xunto coa solicitude deberán achegar a seguinte documentación:

a) Proxecto detallado das actividades que incluíra, como mínimo, os seguintes puntos:

-Denominación.

-Obxectivos perseguidos.

-Enumeración e descrición das actividades do proxecto, indicando por cada unha delas os seguintes aspectos: número estimado de beneficiarios, lugar e data de realización.

-Recursos humanos: nº voluntarios e de persoal contratado dedicado parcial/totalmente ao proxecto (ou que se prevé a súa implicación no proxecto).

-Orzamento: onde se indicarán os gastos en base os seguintes conceptos: material funxible, gastos de recursos humanos, gastos da realización da actividade, outros (especificar).

b) Certificación expedida polo secretario da entidade co visto e prace do representante legal (anexo II debidamente cuberto), que recolla: o acordo do órgano que teña asumida a competencia en virtude da cal se solicita subvención, a acreditación da persoa que ostenta o cargo do representante legal así como o conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

c) Fotocopia compulsada do DNI do representante legal da entidade.

d) Fotocopia compulsada do CIF da entidade.